

A influencia da ubicación na aula sobre o rendemento académico universitario

Manuel A. Gómez¹ e Ana López-Cheda²

¹Universidade da Coruña, ECOBAS, Facultade de Economía e Empresa, Campus de Elviña, 15071 A Coruña, Spain

²Universidade da Coruña, Grupo de Modelización, Optimización e Inferencia Estatística, Departamento de Matemáticas, Facultade de Informática, Campus de Elviña, 15071 A Coruña, Spain

RESUMO

Algúns estudos sobre o rendemento académico do alumnado universitario indican que aqueles que se ubican preto do docente adoitan ser máis participativos e asumir roles máis activos, o que se traduce nunha mellora no seu rendemento académico. Sen embargo, outros resultados na literatura mostran que permitir que o estudantado elixa os seus propios asentos podería fomentar un sentido de autonomía e responsabilidade na súa aprendizaxe, mellorando a súa comodidade e, posiblemente, o seu rendemento académico. Polo tanto, obrigar aos estudantes a sentarse preto do profesor ou permitir a libre elección de asento pode ter consecuencias tanto positivas como negativas, o que fai que o impacto xeral sexa incerto. Este traballo aborda este oco na literatura mediante un estudo relacionado coa materia “Matemáticas 2” durante o primeiro ano do grao en Economía na Universidade da Coruña. Os resultados revelaron que obrigar ao estudantado a sentarse preto do docente nunha asignación aleatoria ten un efecto positivo nos seus resultados académicos, o que podería repercutir na xestión e organización da aula.

Palabras e frases chave: asignación de asentos, ensinanza de matemáticas, rendemento académico, localización na aula

1. INTRODUCCIÓN

A localización do alumnado na aula é un factor clave no entorno de aprendizaxe, que pode influír na participación, atención e rendemento académico. A literatura sobre a relación entre a disposición dos asentos e o rendemento ofrece dúas explicacións principais: a hipótese ambiental (Stires (1980), Levine et al. (1980), Benedict and Hoag (2004), e Perkins and Wieman (2005)) e a de autoselección (Becker et al. (1973), Losonczy-Marshall and Marshall (2013), e Smith et al. (2018)). Segundo a primeira, o alumnado situado máis preto do docente tende a estar máis comprometido e atento, beneficiándose dunha mellor audición e visibilidade tanto do profesorado como dos recursos visuais, o que favorece o seu rendemento. A segunda suxire que aqueles que elixen asentos próximos ao docente adoitan estar máis motivados de forma previa, o que tamén inflúe no seu rendemento. Non obstante, obrigar ao alumnado a sentarse preto do docente ou permitir a libre elección de asentos pode ter efectos tanto positivos coma negativos, dando lugar a un impacto neto incerto no rendemento.

2. OBXECTIVOS E METODOLOXÍA

Este estudo ten como obxectivo clarificar o efecto da localización na aula sobre os resultados académicos. Para isto, analízanse dous grupos da materia “Matemáticas 2”, do segundo cuatrimestre do grao en Economía da Universidade da Coruña. Ambos os dous grupos foron impartidos polo mesmo docente e na mesma aula. O alumnado foi asignado aleatoriamente a un dos dous grupos. No Grupo 1 (G1), o alumnado elixía libremente o seu asento, mentres que no Grupo 2 (G2), os asentos foron asignados aleatoriamente, coa disposición do estudantado máis cerca do docente. No G2, a distancia media entre o alumnado e o docente foi significativamente menor ca no G1, o que permitiu analizar o impacto da proximidade sobre o rendemento académico e avaliar a validez da hipótese ambiental.

3. RESULTADOS

Comparáronse os resultados de ambos os dous grupos na materia de “Matemáticas 1” (primeiro cuatrimestre), impartida por un mesmo docente o cuatrimestre anterior ao experimento. Non se observaron diferenzas significativas, confirmando a aleatoriedade da asignación do estudentado a grupos. Porén, na materia “Matemáticas 2” o rendemento medio no G2 foi superior ao do G1.

Aplicouse unha análise de covarianza (ANCOVA) para estudar a relación entre a nota obtida en “Matemáticas 2” e a disposición na aula, e utilizouse a cualificación en “Matemáticas 1” como variable de control. A variable de distancia non foi significativa e eliminouse do modelo. Os resultados finais amosan que, tras controlar polo rendemento previo, o alumnado do G2 obtivo unha puntuación media 1,16 puntos superior á do G1, unha diferenza significativa.

4. CONCLUSIÓN

Estes resultados suxiren que asignar aleatoriamente ao alumnado a asentos próximos ao docente ten un efecto positivo no seu rendemento académico. Son necesarios mais estudos pero, de confirmarse, este achado podería integrarse na estratexia institucional para a mellora das titulacións, de modo que, ao igual que habitualmente o alumnado se asigna a grupos de forma aleatoria, poida realizarse unha asignación aleatoria de asentos nas posicións máis preto do profesorado.

REFERENCIAS

- Becker, F.D., Sommer, R., Bee, J., and Oxley, B. (1973) College classroom ecology, *Sociometry*, 36 (4), 514–525.
- Benedict, M.E. and Hoag, J. (2004) Seating location in large lectures: Are seating preferences or location related to course performance?, *The Journal of Economic Education*, 35 (3), 215–231.
- Levine, D.W., O’Neal, E.C., Garwood, S.G. and McDonald, P.J. (1980) Classroom ecology: The effects of seating position on grades and participation, *Personality and Social Psychology Bulletin*, 6 (3), 409–412.
- Losonczy-Marshall, M. and Marshall, P.D. (2013) Factors in students’ seat selection: An exploratory study, *Psychological Reports*, 112 (2), 651–666, PMID: 23833891.
- Perkins, K.K. and Wieman, C.E. (2005) The surprising impact of seat location on student performance, *The Physics Teacher*, 43 (1), 30–33.
- Smith, D.P., Hoare, A., and Lacey, M.M., 2018. Who goes where? The importance of peer groups on attainment and the student use of the lecture theatre teaching space, *FEBS Open Bio*, 8 (9), 1368–1378.
- Stires, L. (1980) Classroom seating location, student grades, and attitudes: Environment or selfselection?, *Environment and Behavior*, 12 (2), 241–254.